



Concello de Vigo
Expte. 3064/1101

PLENO DO EXCMO. CONCELLO. Núm. 10

CONVOCATORIA

DECRETO

De conformidade co artigo 46.3. da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, de conformidade coa ORDE de 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, apreciada por esta Alcaldía a existencia de risco grave para a saúde consecuencia da pandemia que esixe a observancia da distancia de seguridade interpersoal, e examinado o expediente concluso para a súa inclusión na orde do día, convócase Pleno da Corporación do Excmo. Concello de Vigo para celebración de sesión **EXTRAORDINARIA**, por vídeo conferencia e presencial. Estarán no salón de Plenos o Alcalde, os voceiros dos grupos políticos municipais, o membro non adscrito e os Tenentes de Alcalde; a sesión convócase ás **NOVE HORAS** do día **26 de AGOSTO**.

Se na primeira convocatoria non existira o quórum necesario, entenderáse convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

A sesión convocada intégrase polo seguinte,

ORDE DO DÍA

ÚNICO.- Proposta de aprobación inicial do documento denominado "Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo". Expediente 15313/411 (Rexistro Pleno 3065/1101)

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concorrencia puntual ó acto e fágase público na páxina web municipal ós efectos de información.
sc

O ALCALDE

Abel Caballero Álvarez

Vigo, data e sinaturas electrónicas

Ante min, o secretario xeral do Pleno
José Riesgo Boluda



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/08/2021 13:18

Páxina 1 de 1

Expediente 3064/1101

CSV: 2DEDDF-DD53B2-D22EEH-2EL5WY-X7LGDY-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>